

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

“O DESPERTAR DAS SEMENTES: Os segredos do bosque

A. INTRODUCCIÓN

O CEIP de TorreCela é un centro educativo público plurilingüe de cento cinco alumnos e alumnas, situado en Cela, nunha zona rural moi próxima a Bueu.

Como centro asumimos a responsabilidade educativa dos nenos e nenas do século XXI, e tentamos adecuar o noso proceso de ensinanza aprendizaxe aos tempos de hoxe innovando seleccionando e analizando con sentido crítico a información que se nos achega por diferentes canles.

A XUSTIFICACIÓN desta forma de levar a cabo a nosa labor educativa ven dada por varios motivos. O primeiro que a Biblioteca Escolar é unha ferramenta fundamental neste proceso e o motor para levar a cabo a nosa labor educativa. O segundo é o traballo por proxectos, que anima a fomentar este espírito crítico e a desenvolver as competencias que como cidadáns debemos poñer en práctica. E o último, a mestura de idades con rapaces e rapazas de primeiro e segundo nivel enriquece o noso traballo.

Asumimos a responsabilidade de realizar traballos por proxectos, con distinta duración e intensidade nas etapas de infantil e primaria. Nos últimos cursos viñéronse realizando outros traballos por proxectos sobre os alimentos, sobre o mar, sobre a arte, os ríos e, un proxecto sobre o planeta Terra, e no último curso sobre os nosos tesouros que resultou premiado coa temática da Illa de Ons.

Notamos a necesidade de establecer un tema anual que tamén cohesione as conmemoracións que se celebran ao longo do curso, co fin de avanzar nun modelo de traballo cooperativo entre todos os niveis educativos.

Dentro do tema común do noso centro, que este curso titulouse O Espertar das Sementes, nos niveis de primeiro e segundo, centrámonos en “Os segredos do bosque”. Abarcamos contidos curriculares de ciencias naturais, matemáticas, ciencias sociais, linguas e artística cos seus criterios e estándares de avaliación, porque entendemos que a forma de traballar nunha PDI é traballando en todas as áreas.

O traballo dentro do proxecto ten por obxectivo primordial dar un pulo ao desenvolvemento das competencias básicas por parte de cada alumno/a: competencia lingüística, matemática, dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, en ciencia e tecnoloxía, sentido de iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.

O calendario previsto para a realización de tarefas conxuntas dos dous niveis, realizouse en dúas sesións continuas, todos os mércores do curso nas dúas primeiras sesións, na biblioteca escolar, onde non faltaron recursos de todos os tipos para desenvolver o traballo, traballo que foi completado nas aulas. Tamén podemos salienta a colaboración das familias que non dubidaron en prestar a súa axuda cando o precisamos.

Como profesorado participante levando o peso da PDI foron as titoras dos niveis Patricia Santos (1º E.P).e Míriam Area (2º E.P). aínda que tivemos colaboración de profesorado especialista.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTO

Como cada ano, no claustro de inicio de curso acordouse que o centro de interese que se ía desenvolver ao longo do curso 2018/2019 sería o DESPERTAR DAS SEMENTES Primeiro e segundo de primaria, comprometiamonos a realizar o proxecto documental integrado baixo o título “OS SEGREDOS DO BOSQUE” partindo do tema xeral, sempre

coa colaboración da Biblioteca Escolar como recurso fundamental.

A nosa pretensión era que as actividades plantexadas foran encamiñadas a transmitir coñecementos e valores culturais, a incentivar en todos unha actitude de análise doutras realidades e a motivar as noso alumnado a ser mellores lectores e lectoras.

Un curso máis a Biblioteca Escolar trataría de ser a base das exploracións, un lugar onde se traballa coa información e onde se fomenta o espírito crítico e analítico do que nos rodea, un ano máis a biblioteca sería a base das nosas aprendizaxes, o motor da nosa escola.

C. DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Nas primeiras reunións de coordinación, o equipo de biblioteca realizou unha selección posible de temas relacionados co noso centro de interese. Decidimos que o Proxecto se desenvolvería durante todo o curso escolar e que toda a comunidade educativa estaría implicada. Houbo tamén moita colaboración co resto dos equipos Dinamización da Lingua, Voz Natura e Actividades extraescolares e complementarias.

Houbo dous bloques de **participación** no proxecto, complementarios entre sí:

- ✓ Todas as conmemoracións do curso escolar estarían relacionadas co tema escollido e coordinadas polos equipos de Biblioteca, TICs, Voz Natura Dinamización da Lingua e actividades Complementarias e Extraescolares (Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, festivais). Tamén participamos nas actividades de investigación e fomento da lectura/escritura programadas polos equipos de Biblioteca e Dinamización.
- ✓ Traxo dos niveis primeiro e segundo de primaria, onde cada titor e equipo de profesores programa actividades de interese relacionadas co tema elixido.

Establecemos os pasos para proxectar:

1. Elixir un tema sobre que queremos investigar
2. Producto final: que queremos obter? A onde queremos chegar?
3. Actividades a desenvolver: como imos a traballar?
4. Avaliación e feedback: que fixemos ben? Que fixemos mal? Que temos que mellorar?

En base a isto decidimos repartir os eixes de contidos nas seguintes seccións:

- ✓ Fase de motivación: Visita a Lourizán e Parque dos Sentidos en Marín. Con esta saída comezamos a traballar coas especies que descubrimos no Pazo de Lourizán. As actividades do Parque dos sentidos foron máis lúdicas. Desfrutamos do xogo con actividades para a percepción dos sons e dos olores.

Como punto de partida tomamos o libro A ÁRBORE DA ESCOLA de Antonio Sandoval conto que nos deu ideas para sementar

- ✓ Que queremos investigar?

Baixo o título “ Os segredos do bosque” concretamos o traballo por trimestres

Primeiro trimestre Relacionamos a vida das árbores co corpo humano a partir de preguntas como Poden as árbores respirar?, As árbores teñen veas?, Poden as árbores adelgazar?As árbores teñen grans? Como respiran as árbores?...

No **segundo trimestre** investigamos sobre curiosidades de animais plantas e árbores do bosque. Elaboramos trampas para velutinas, casiñas para bichiños e comedeiros para os paxariños e colocámoslos polo bosque da nosa escola coma un segredo máis.

Xa na **parte final**, investigamos sobre como se fan obxectos a partir das plantas (unha camiseta, un libro...)

- ✓ Producto final:

Mural colectivo onde aparecen traballos plásticos e textos informativos froito da investigación.

Exposición Oral. Presentamos o noso proxecto ao resto de compañeiros do colexio.

Durante as últimas semanas preparamos a exposición oral con todas as actividades realizadas.

Power point.

ACTIVIDADES

- ✓ Novembro, mes da Ciencia : fixemos a semana da ciencia. Neste curso traballamos experimentos relacioandos coa temática.. Os fixemos de forma práctica e tamén quedaron plasmados en paneis informativos. Rematamos con preguntas de investigación do resto dos experimentos dos compañeiros/as.
- ✓ O Noso invernadoiro. Fixemos un invernadoiro para colgar polas nosas fiestras. Logo de varias semanas de coidado os cativos de infantil o plantaron na horta e o coidaron todo o ano
- ✓ Día das árbores autóctonas. Logo de traballar o conto “O Carballo con Botas”, realizamos unha plantación de landras e castañas en botas vellas que aportaron as familias.
- ✓ 25N. Baixo o lema Sementando igualdade, plasmamos nun mural colectivo as mans do noso alumnado. Tivemos un acto común coa lectura dun manifesto que gravamos na radio.
- ✓ NADAL. Enviamos postais feitas con ramas e adornos navideños aos compañeiros/as sementando bos desexos. Tamén plasmamos nun mural co título Sementando, unha

árbore de Nadal con valores: sementando igualdade, sementando amor, sementando respecto, sementando amor...

A decoración do corredor, realizouse con elementos naturais adornados colgados de ramas no teito: piñas, follas...

- ✓ PAZ. Para a celebración do día da Paz aproveitamos a decoración do Nadal, engadindo follas feitas de cartolinas con mensaxes de Paz.
- ✓ Poñemos en marcha o Composteiro. Visitounos a mestra composteira para poñer en marcha os composteiros que temos no colexio.
- ✓ Rosalíate. Traballamos con poemas de Rosalía que tiveron relación coa temática.
- ✓ Entroido. Disfrazámonos de árbores. A canción foi composta polo profesor de música coa mesma temática.
- ✓ 8 Marzo. Nais con traballos relacionados co proxecto visitáronnos. Fixemos unha investigación sobre o seu traballo e realizamos un periódico coa información para así celebrar a semana da prensa.
- ✓ Día da Poesía e dos bosques. Acompañáronnos para esta ocasión Míriam Ferradáns poeta recoñecida na contorna que ofreceu un obradoiro de poesía; e Tino Resille, veciño de Cela, escultor e artesán. Ofreceunos unha mastreclass sobre como usar de xeito responsable este produto que as árbores nos aportan.
- ✓ Celebración de “Abril, mes dos libros”. Neste mes de abril a actividade estrela foi a visita de Anxo Moure que sempre sementa amor e respecto polas árbores e quedou abraiado de ver como medraron as árbores que plantamos nas botas no día das árbores autóctonas Tampouco faltaron os booktubers recomendando libros relacionado co tema.

- ✓ I Romería escolar en Chans. Consistiu na plantación das árbores que saíron das botas nun bosque próximo ao cole, Chans. Non faltaron xogos populares merenda e música tradicional. Todo isto en honor a Antón Fraguas, autor homenaxeado nas Letras Galegas.
- ✓ Fase de comunicación do proxecto. Realizamos unha exposición de todo o aprendido con presentación en power point.
- ✓ Saída de Fin de Curso á Illa de Cortegada tamén coñecida como Bosque Flotante.. A visita consistiu nun roteiro por toda a Illa cunha enorme riqueza vexetal no que non faltou información sobre historia, costumes e lendas
- ✓ Festival Fin de curso. A nosa actuación tivo relación co proxecto Baixo a canción de Paco Nogueiras titulada Cos pes na Terra . A posta en escena consistiu na plantación e coidado das árbores con instrumentos típicos dos xardineiros mentres o grupo de árbores levaban un cartel cos nomes. Todo o grupo acompañou cantando.

Os **obxectivos xerais** que nos plantexamos para este Proxecto foron os seguintes:

- ✓ Desenvolver a actividade científica: procura, selección e comunicación de información en distintos soportes.
- ✓ Desenvolver a expresión oral a través da Radio Faladoiro: entrevistas e outros programas
- ✓ Promover o coñecemento das árbores e animais do bosque.
- ✓ Desenvolver no alumnado o sentimento de coidado da natureza.
- ✓ Descubrir, valorar e fomentar a conservación das árbores e o coidado e respecto dos seres vivos.
- ✓ Investigar recoller e crear rimas e refráns

- ✓ Resolver problemas da vida cotiá
- ✓ Localizar e utilizar a información obtida de distintas fontes e soportes.
- ✓ Exercitar a capacidade de observación e análise.
- ✓ Utilizar as posibilidades da expresión plástica para representar ideas, feitos e sentimentos.
- ✓ Produción de textos (descricións, biografías, entrevistas, redaccións, contos) e lectura comprensiva de textos informativos e narrativos relacionados coa temática.
- ✓ Produción de materiais dixitais (resumos, presentacións, vídeos).
- ✓ Transmisión e difusión dos contidos investigados aos demais compañeiros/as.

En base a estes obxectivos xerais concretamos os contidos, as tarefas, recursos, metodoloxía e formas de avaliación, integrando o traballo do Proxecto na súa dinámica diaria de clase, co fin de potenciar o desenvolvemento das competencias anteriormente citadas.

Realizáronse reunións mensuais conxuntas dos equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua para programar, organizar e avaliar todas as propostas que se planificaban a nivel trimestral.

A proposta do Proxecto baséase no traballo en rede, de xeito cooperativo e interdisciplinar, a nivel de aula, de centro, de entorno local e a través da comunicación a través da comunicación dos blogues do centro.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

- ✓ Investigamos nos nosos murais. Elaboramos murais sobre a vida e segredos no bosque tanto de árbores como de animais.

- ✓ Plan Anual de lectura: itinerarios lectores relacionados co proxecto. Traballamos cos seguintes contos” A árbore da escola”, “O Carballo con Botas” e con dous libros de Ana Alonso” El mapa del Bosque” e “Los duendes del Otoño”. A autora visitounos no colexio e firmou os nosos exemplares.
- ✓ Cadernos de investigación. Neles plasmamos todo o que imos traballando, investigamos, debuxamos...
- ✓ Cantigas para o Entroido. A nosa comparsa eran árbores. A letra da nosa cantiga estivo relacionada e foi composta polo profesor de música Jose Ángel Mariño
- ✓ Elaboración dun periódico coas noticias da Semana da Prensa
- ✓ Lecturas e actividades de comprensión lectora
- ✓ Problemas matemáticos. Realizamos problemas matemáticos a partir de actividades propostas para o proxecto(por exemplo cantos paos precisamos para facer o invernadoiro todos os nenos/as se cada un precisa tres), fixemos supostos relacionado con situacións de compras, traballamos co prezo das saídas ..
- ✓ Investigacións. Dos murais e traballos realizados elaboramos preguntas das que tiñamos que atopar a solución.

E. RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

1. **Tarefas que se engloban no traballo** , sempre contando co soporte da Biblioteca Escolar. Seguindo o modelo de traballo epistemolóxico dividimos o traballo realizado en tres fases:

- ✓ **FASE 1: MOTIVACIÓN E BUSCA DE INFORMACIÓN**, englobanse todas as tarefas

relacionadas con *“plantexar, localizar e recuperar”*

✓ **FASE 2: TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**, nesta fase englobanse todas as tarefas relacionadas con *“manipular, interpretar e analizar”*

✓ **FASE 3: COMUNICACIÓN DO COÑECEMENTO**, nesta fase englobanse todas as tarefas relacionadas con *“aplicar, crear e compartir”*

2. Actividades coordinadas polos equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua

relacionadas co Proxecto “O DESPERTAR DAS SEMENTES”, e nas que estivo implicada toda a comunidade educativa.

✓ Programación do Proxecto “O Despertar das sementes”: selección de contidos curriculares, reparto de temáticas por cursos (para primeiro e segundo nivel foi a vida nos bosques), elaboración de modelos de fichas de investigación, preparación dun agasallo para todo o alumnado (caderno de investigación).

✓ Selección de libros relacionados coa temática a traballar para todo o centro: “O Despertar das sementes”, tanto de consulta como informativos. Colocación no expositor frontal da sala e tamén no corredor, con carteis indicadores.

✓ Fase inicial do Proxecto “O Despertar das Sementes: Os Segredos do Bosque”: Visita ao Pazo de Lourizán e ao Parque dos Sentidos Lectura do conto “A árbore da escola”

✓ Mural informativo “O despertar das sementes: Os Segredos do Bosque”. Primeiro e segundo de primaria realizamos unha investigación sobre as árbores e a súa relación co corpo humano, abordamos información sobre os animais e as árbores do bosque e tamén traballamos como obter un obxecto a partir das plantas. Todo acompañado co traballo plástico nun mural colectivo.

✓ Información e solicitude de colaboración ás familias que comezan a enviar os resultados de pequenos traballos de investigación.

✓ Samaín:

- ✓ Ambientación da biblioteca e do centro: exposición de cabazas decoradas en familia en base a temática do noso proxecto
- ✓ Obradoiros organizados polo profesorado e coa colaboración das familias. Todo o alumnado rotou por distintos espazos nos que estaban organizadas diferentes actividades: Na sala da biblioteca uns pais moi especiais, Luís Davila e Mari Acuña que sempre teñen un conto relacionado coa temática
- ✓ Agosto: Escribimos pareados relacionados coa castaña e a festa.
- ✓ Mes da ciencia en galego. Neste curso centrámonos en experimentos. O do noso nivel ten relación coas árbores . (Podedes velo na presentación)
- ✓ Día das árbores autóctonas. Logo de traballar o conto “O Carballo con Botas”, realizamos unha plantación de landras e castañas en botas vellas que aportaron as familias.
- ✓ 25N. Baixo o lema Sementando igualdade, plasmamos nun mural colectivo as mans do noso alumnado. Tivemos un acto común coa lectura dun manifesto que gravamos na radio.
- ✓ Nadal. Tarxetas de felicitación para os compañeiros con mensaxes alusivos ao tema.
- ✓ Rosáfate. Traballamos con poemas de Rosalía de Castro que tiveron relación coa temática.
- ✓ Entroido. Disfraz e comparsa relacionada coa temática.
- ✓ 8 Marzo. Nais con traballos relacionados co proxecto visitáronnos. Fixemos unha investigación sobre o seu traballo e realizamos un periódico coa información para así celebrar a semana da prensa.
- ✓ Semana da prensa relacionándoa co “Día da Muller Traballadora”. Realizamos un periódico coa información e gravamos as noticias na radio.

- ✓ Día da Poesía e dos bosques. Acompañáronnos para esta ocasión Míriam Ferradáns poeta recoñecida na contorna que ofreceu un obradoiro de poesía; e Tino Resille, veciño de Cela, escultor e artesán. Ofreceunos unha mastreclass sobre como usar de xeito responsable este produto que as árbores nos aportan.
- ✓ Celebración de “Abril, mes dos libros”. Neste mes de abril a actividade estrela foi a visita de Anxo Moure que sempre sementa amor e respecto polas árbores e quedou abraiado de ver como medraron as árbores que plantamos nas botas no día das árbores autóctonas. Contounos moitos segredos do bosque.

Tampouco faltaron os booktubers. Seleccionamos varios libros cos que traballamos para recomendarlos e gravamos en vídeo emulando aos “booktubers” de moda. Na semana do día do libro pasamos pola biblioteca para vernos todos en pantalla.

- ✓ Experimentación con robótica nas aulas. Os nen@s de 1º e 2º traballamos co material sobre mulleres relacionadas coa ciencia así como coa biografía de Wangari Maathai.
- ✓ Día do libro. Visita de Ana Alonso. Acudiu ao cole despois de ter traballados dous dos seus libros da colección Pizca de Sal moi acorde co noso proxecto “O mapa do bosque” e “Los duendes del Otoño”.
- ✓ Celebración das Letras Galegas: I Romería Escolar en Chans. Consistiu na plantación das árbores que saíron dunhas botas nas que plantamos ao inicio do curso logo de traballar O Carballo con Botas, nun bosque próximo ao cole, Chans. Non faltaron xogos populares merenda e música tradicional. Todo isto en honor a Antón Fraguas, autor homenaxeado nas Letras Galegas
- ✓ Fase de comunicación do proxecto. Realizamos unha exposición de todo o aprendido con presentación en power point.
- ✓ Aproveitamento dos murais elaborados ao longo do curso para realizar unha sesión de recompilación e procura de información sobre as temáticas que outros grupos

traballaron dentro do proxecto. Preparáronse diferentes actividades de investigación adaptadas aos distintos niveis educativos.

- ✓ Exposición do aprendido, elaborado e vivido durante este curso no noso proxecto por parte de todo o alumnado do centro. Cada grupo expón e asiste ás sesións de exposición dos demais compañeiros/as.
- ✓ Saída de Fin de Curso á Illa de Cortegada tamén coñecida como Bosque Flotante.. A visita consistiu nun roteiro por toda a Illa cunha enorme riqueza vexetal no que non faltou información sobre historia, costumes e lendas
- ✓ Festival Fin de curso. A nosa actuación tivo relación co proxecto Baixo a canción de Paco Nogueiras titulada Cos pes na Terra . A posta en escena consistiu na plantación e coidado das árbores con instrumentos típicos dos xardineiros mentres o grupo de árbores levaban un cartel cos nomes. Todo o grupo acompañou cantando.

F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

- ✓ Elaboración propias de presentación en Power Point, arquivos de texto, audio e video
- ✓ Recursos fotocopiáveis
- ✓ Material plástico, funxible e de refugallo
- ✓ Murais, láminas, fotografías
- ✓ “*Proyectos Documentales Integrados*”, Rosa Piquín, Gobierno de Navarra
- ✓ Recursos bibliográficos e páxinas web da Biblioteca do Centro (anexo)

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o alumnado, profesorado e personal non docente do centro estivo implicado

activamente nas actividades do Proxecto.

No tocante ás familias destacar:

- ✓ Participación nas investigacións: aportando murais, redacción de traballos na casa, busca en internet sobre as preguntas propostas.
- ✓ Realización dun inventario de árbores. Cada familia achegou información e traballo plástico sobre unha árbore.
- ✓ Participación nos obradoiros organizados polo Samaín. Confección de cabazas, e lendas de Ons.
- ✓ Traballos dos cadernos das mochilas relacionados co proxecto

Salientar a nosa plena confianza na participación das familias cando necesitamos colaboración, sempre obtivemos unha fantástica resposta por parte delas.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

As paredes dos corredores albergaron, durante todo o curso, varios murais colectivos, cos traballos plásticos, Ademais, durante o mes de xuño adicamos varias sesións a intercambiar todo o aprendido sobre “O despertar das sementes: os segredos dos bosques”. A Biblioteca foi o espacio de exposición, na que todo o alumnado participou activamente, como xa reseñamos con detalle anteriormente.

Parte das actividades realizadas e a información interesante relacionada co proxecto foi colgada no blog da Biblioteca <http://torredaspalabras.blogspot.com.es/> e <http://ceipdatorrecelaprimeirociclo.blogspot.com/>. Ademais, destacar a publicación dalgunhas actividades do centro nalgúns xornais.

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO

A avaliación foi continua, cada actividade foi valorada nas postas en común dos equipos e docentes implicados no Proxecto que se realizaron mensualmente. Tivemos moi en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado.

Cómpre diferenciar tres tipos de avaliación.

✓ **Biblioteca:** Valorou a interdisciplinabilidade do Proxecto, aprendendo a artellar propostas curriculares transversais, no que todo ten relación con todo. Valorou tamén as posibilidades dos recursos aportados pola Biblioteca, como fonte de coñecemento, como lugar de intercambio, como elemento artellador do proxecto común de centro.

✓ **Autoavaliación do profesorado:**

- ✓ Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe?
- ✓ Que é o que mellor funcionou?
- ✓ Que contidos son os que máis dificultades na súa aprendizaxe supuxo ao alumnado?
- ✓ Que cambiaría no desenvolvemento do Proxecto? Por que?

No presente curso trazamos unha liña de actuación máis clara para priorizar e concretar máis o traballo.

Asumimos que aínda cometemos erros, pero consideramos que estamos no camiño e cada curso escolar melloramos como profesionais, e melloran os nosos nenos/as que é o que nos leva a seguir nesta liña.

A modo de conclusión, queremos destacar que o 100% do profesorado participou activamente no proceso, e valorou positivamente esta forma de traballar, os contidos e fomentar o desenvolvemento das competencias básicas.

✓ **Alumnado:** Centrémonos nunha avaliación cualitativa, sendo conscientes dos resultados positivos e da motivación do alumnado, observando un claro avance no interese polo coidado dos bosques e a vida que neles se alberga.

A transferencia do coñecemento indica que o traballo estivo ben realizado, e o alumnado soubo transmitir a información aprendida aos seus compañeiros/as e mestres/as.

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

Partindo do centro de interese xeral asumido polo claustro a principio de curso co título “O DESPERTAR DAS SEMENTES”, o equipo de profesores do primeiro e segundo nivel escollemos OS SEGREDOS DO BOSQUE, e a partir de aí a Biblioteca emprendeu o camiño e trazou os pasos que artellan o proxecto.

Actualizamos o Plan Anual de Lectura, adquiríronse os recursos relacionados coa temática que se precisaron para desenvolver o Proxecto e utilizouse a sala para realizar os distintos traballos segundo os horarios establecidos a principio de curso.

Entendemos que o equipo de Biblioteca é un axente creador, dinamizador e seleccionador de recursos didácticos. Por iso, para favorecer a educación documental, dito equipo trazou propostas concretas que facilitaron ao alumnado e docentes a busca de información.

A coordinación co equipo directivo foi constante, para levar a cabo a planificación e o calendario de realización das actividades.

En resumo, que aporta a Biblioteca ao desenvolvemento do Proxecto? Organización, estabilidade, espazos, documentos, TICs, formación de usuarios, formación para docentes, motivación, difusión, asesoramento... en definitiva, un impulso para poñer en

práctica unha pedagogía activa.

Xa non entendemos poder traballar sen a nosa biblioteca, motor da nosa escola, que durante este curso académico, ensinounos moitos **segredos do bosque...**